

María Casares

Unha grande actriz do teatro europeo do século XX

A Coruña 1922 – París 1996

A actriz María Casares experimentou plenamente o significado da palabra *adaptación*. A novas realidades. A novas xentes. A novos espazos. Con catorce anos, chegou a Francia fuxindo do golpe de 1936, pois seu pai formaba parte do goberno de Manuel Azaña na República. Aquela nena, nacida un 21 de novembro de 1922 na Coruña, instalouse xunto a súa nai, en París. María Casares pasaba a ser Maria Casarès e durante un tempo soterrou toda a bagaxe cultural e vital que podía constituír un atranco no seu proceso de reinvención.

Á aprendizaxe dun novo idioma seguiu a aprendizaxe do teatro galo, abraiado os seus mestres de arte dramática con interpretacións marcadas cun acento galego que nunca lle puideron arrancar. Debutou en 1942 no Teatro Mathurins como primeira actriz, obtivo unhas excelentes críticas e seduciouno profesional e persoalmente a Albert Camus.

Chekhov, Dostoievski, Synge, Ibsen, Sartre e Camus foron algúns dos autores dos textos dramáticos cos que enchía os escenarios dos teatros nos anos 40. Anos difíciles nunha cidade ocupada polos nazis na que nai e filla tiñan dificultades para sobrevivir. O cine ofrecía novas oportunidades a unha actriz que pasa pola Comédie Française antes de embarcarse no Teatro Nacional Popular na década dos cincuenta.

Reinvención. Adaptación. As mortes da nai e do pai marcárona cando aínda era nova. Posteriormente, a de Camus. Pasa unha temporada en Latinoamérica e logo en Madrid, onde ten a intención de poñer en escena *El Adefesio*. Cando volve a Francia decide centrarse nas memorias, que publicou co título *Residente Privilexiada*. Memorias en que debuxa até o mínimo detalle cando narra a infancia nunha Galicia á que nunca volveu.

En Francia recibe os premios Molière e o Nacional de Teatro. O goberno español concédelle a Medalla ao Mérito en Belas Artes e a Xunta a Medalla Castelao. Os actores e actrices galegos pónenlles aos premios que conceden anualmente o seu nome. O cine aínda lle tiña reservado bos papeis nos seus últimos anos. Faleceu o 22 de novembro de 1996 preparando a obra *El cerco de Leningrado*. "O teatro morreu", titulou un xornal ao día seguinte. Un dos seus últimos xestos foi legar ao concello de Alloué as súas propiedades, hoxe convertidas na Casa dos Actores "María Casares".

María Casares

Una gran actriz del teatro europeo del siglo XX

A Coruña 1922 – París 1996

La actriz María Casares experimentó plenamente el significado de la palabra *adaptación*. A nuevas realidades. A nuevas gentes. A nuevos espacios. Con catorce años, llegó a Francia huyendo del golpe de 1936, pues su padre formaba parte del gobierno de Manuel Azaña en la República. Aquella niña, nacida un 21 de noviembre de 1922 en A Coruña, se instaló junto a su madre, en París. María Casares pasaba a ser Maria Casarès y durante un tiempo enterró todo el bagaje cultural y vital que podía constituir un atranco en su proceso de reinención.

Al aprendizaje de un nuevo idioma lo siguió el aprendizaje del teatro galo, asombrando a sus maestros de arte dramático con interpretaciones marcadas con un acento gallego que nunca le pudieron arrancar. Debutó en 1942 en el Teatro Mathurins como primera actriz, obtuvo unas excelentes críticas y sedujo profesional y personalmente a Albert Camus.

Chekhov, Dostoievski, Synge, Ibsen, Sartre y Camus fueron algunos de los autores de los textos dramáticos con los que llenaba los escenarios de los teatros en los años 40. Años difíciles en una ciudad ocupada por los nazis en la que madre e hija tenían dificultades para sobrevivir. El cine ofrecía nuevas oportunidades a una actriz que pasa por la Comédie Française antes de embarcarse en el Teatro Nacional Popular en la década de los cincuenta.

Reinención. Adaptación. Las muertes de la madre y del padre la marcaron cuando aún era joven. Posteriormente, la de Camus. Pasa una temporada en Latinoamérica y luego en Madrid, donde tiene la intención de poner en escena *El Adefesio*. Cuando vuelve a Francia decide centrarse en las memorias, que publicó con el título *Residente Privilegiada*. Memorias en que dibuja hasta el mínimo detalle cuando narra la infancia en una Galicia a la que nunca volvió.

En Francia recibe los premios Molière y el Nacional de Teatro. El gobierno español le concede la Medalla al Mérito en Bellas Artes y la Xunta la Medalla Castelao. Los actores y actrices gallegos les ponen a los premios que conceden anualmente su nombre. El cine aún le había reservado buenos papeles en sus últimos años. Falleció el 22 de noviembre de 1996 preparando la obra *El cerco de Leningrado*. "El teatro ha muerto", tituló un periódico al día siguiente. Uno de sus últimos gestos fue legar al ayuntamiento de Alloué sus propiedades, hoy convertidas en la Casa de los Actores "María Casares".

Fuente: Ámbum de Mulleres do Consello da Cultura Galega (culturagalega.gal)

Autora: Arantza Estévez Lavandeira (2006)

Adaptación y traducción: Sara Canto González (2020)